

Como se fixo noutras ocasións desde este Boletín CROA, a nova Xunta Directiva quere chamar a atención dos case 160 socios/as para recabar a súa colaboración e o seu apoio, cada un na medida das súas posibilidades e capacidade, para un maior e mellor desenvolvemento das actividades da Asociación que permitan cumprir así os fins e obxectivos marcados nos seus Estatutos.

BIBLIOGRAFÍA

F.A.V.

As razóns e os criterios para a elaboración desta sección de *Croa* poderanse atopar en números anteriores do Boletín. Abonde lembrar aquí que se fai sobre todo a título informativo e recollendo, por orde aproximada de aparición, aqueles títulos que ofrecen aportacións ou mencións significativas referidas ó Museo do Castro de Viladonga e ó propio xacemento, os seus materiais e o seu contexto arqueolóxico e histórico máis directo.

- P.BARCIELA GARRIDO: "Investigación y museos arqueológicos: los museos gallegos", *IV Coloquio Galego de Museos. Museos e Investigación (Actas. 1994)*, (Consello Galego de Museos), Santiago de Compostela 1997, p.77-92.

Nesta comunicación recóllense varias referencias ás instalacións e funcionamento do Museo do Castro de Viladonga en canto ós aspectos conexos coa investigación; trátase dunha aportación só relativamente útil pois os datos xa se quedaron obsoletos ó referirse ó edificio e ás instalacións anteriores á importante reforma e ampliación de 1992-1994.

- F.ARIAS VILAS: "Poblamiento rural: la fase tardía de la cultura castreña", *Los Finisterres en la Antigüedad. Época prerromana y romana (Actas)*, (Ed. Electa), Gijón 1996, p.181-188.

Este artigo constitúe unha reflexión sobre o hábitat tardío en castros do Noroeste, entre os que destaca o caso de Viladonga, varias veces referenciado no texto e nos gráficos, como un exemplo, case paradigmático, de variante habitacional ó lado doutro tipo de poboamento como cidades, vilas, etc.

- VV.AA.: *A cultura castrexa galega a debate*, (Coloquio 1995) (Instituto de Estudios Tudenses), Tui 1996.

Nesta obra colectiva, e irregular, aparecen diversas mencións sobre Vila-

donga, ben que mínimas ou só de pasada xa que ningún artigo afonda nos castros máis tardíos. Na colaboración de P.Rey Castiñeira sobre as referencias temporais si se reflicte este Castro como un dos máis serodios do Noroeste.

- F.ARIAS VILAS: "Un grafito cerámico co nome *Nantivs* no Castro de Viladonga", *Croa*, 6, 1996, p.6-7.

Análise dun grafito lido sobre dous fragmentos de cerámica común romana do Castro, cunhas breves consideracións sobre a orixe deste nome e a súa aparición e distribución na *Gallaecia*.

- O.CASTROÁLVAREZ/R.GIMENO GARCÍA-LOMAS: "Tégulas con huellas de animales en el Castro de Viladonga", *Croa*, 6, 1996, p.9-12.

Aportación moi interesante e non menos curiosa sobre as especies animais que quedaron plasmadas polas súas pisadas en tégulas aparecidas en Viladonga, en particular de can, ovella e gato, igual que sucede noutros xacementos galaico-romanos e do seu contorno.

- F.A.V.: Fichas de inventario elaboradas para o Catálogo da Exposición *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*, (Deputación Provincial Lugo), Lugo 1997, p.105, 112 e 114.

Descrición de tres pezas aparecidas en Viladonga (torques completo, fragmento de torques e arracada con cadeiña) e incluídas naquela Exposición, de título lixeiramente enganoso por canto boa parte da ourivería recollida vense datando en época plenamente histórica.

- F.ARIAS VILAS: "El Castro de Viladonga: 25 años de Investigación y Patrimonio Cultural", *Revista de Estudios Bercianos*, (Ponferrada), nº 23, marzo 1997, p.18-31.

Nesta aportación recóllense, por un lado, a conferencia pronunciada nun curso do Instituto de Estudios Bercianos, e por outro, boa parte dos textos informativos da Exposición conmemorativa dos 25 anos de traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga (cfr. *Croa* 6, 1996).

- VV.AA.: *La Guerra en la Antigüedad. Una aproximación al origen de los ejércitos en Hispania*, (Ministerio de Defensa), Madrid 1997, en especial p.238 e 278-279.

Neste espléndido Catálogo dunha Exposición temporal do mesmo título, con interesantes e lúcidas colaboracións debidas a varios autores, aparecen men-

cións e reproducións fotográficas do Castro de Viladonga e dalgúns dos seus materiais (puñal de antenas e maqueta volumétrica) que figuraron na mesma.

- F.ARIAS VILAS: "O Castro de Viladonga", *Galicia Terra Única. Galicia castrexa e romana*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1997, p.147-150.

Colaboración no Catálogo desta Exposición, cun estudio resumido da historia e significación do Castro de Viladonga (e do seu Museo). Noutros capítulos da mesma publicación aparecen numerosas e frecuentes mencións e referencias ó xacemento e os seus materiais, algúns dos cales expuxéronse na mostra instalada en Lugo.

- F.ARIAS VILAS: "El Museo del Castro de Viladonga (Lugo). Una guía de un yacimiento arqueológico y de su Museo monográfico", *Revista de Museología*, (Asociación Española de Museólogos, Madrid), nº11, junio 1997, p.68-70.

Comentario, a xeito de ampla "auto-recensión" requerida pola redacción desta revista, sobre a guía sobre o conxunto de Viladonga editada en 1996, facendo fincapé nos aspectos máis museolóxicos e museográficos dado o carácter desta publicación.

- F.J.COSTAS GOBERNA / J.M. HIDALGO CUÑARRO: *Los juegos de tablero en Galicia. Aproximación a los juegos sobre tableros en piedra desde la antigüedad clásica al medievo*, (Ed. CeltiCar), Vigo 1997, p.25, 27 e 54.

Inclúense neste opúsculo, que trata un tema de interese pero xeralmente pouco considerado na bibliografía, unhas referencias e reproducións dos dous taboleiros de xogo de pizarra de Viladonga (as *tabulae latrunculatae* ou "xogo dos ladróns", semellante ó das damas), que teñen paralelos cercanos noutros castros romanizados coma o de Sta.Trega na Guarda.

- F.ARIAS VILAS: "El Castro de Viladonga y su Museo monográfico", *Restauración y Rehabilitación*, (Ed.Prensa Española, Madrid), nº 11, diciembre 1997, p.56-64.

Artigo que resume o aspectos máis característicos do Castro con especial fincapé nos relativos á súa conservación e presentación ó público, con referencias ó seu contexto histórico e ó modo en que toda esta información se transmite e expón no Museo xunto cos materiais arqueolóxicos do xacemento.